



**A COMISIÓN DE CONTAS DITAMINA FAVORABLEMENTE A
CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIAS,
DEPORTIVAS E VECIÑAIS**

**A dotación ascenderá a 72.000 euros e está dirixida a entidades do
municipio que promovan proxectos de ocio e cultura**

**Esta liña de subvencións levarase ao pleno ordinario do mes de abril,
onde a corporación municipal deberá votar a súa aprobación definitiva**

Nigrán, 20/04/2016.- A Comisión Especial de Contas celebrada esta mañá no Concello de Nigrán ditaminou favorablemente, cos apoios do PSOE e UCN e a abstención dos restantes grupos da oposición, á convocatoria dunha liña de subvencións a entidades, dotada con 72.000 euros, para a realización de actividades culturais, deportivas e veciñais, así como para festas do municipio. Esta iniciativa, proposta polo equipo de goberno, levarase ao pleno ordinario do mes de abril, que terá lugar o vindeiro xoves 28, de cara á súa aprobación definitiva pola corporación municipal.

O alcalde de Nigrán, Juan González, manifestou que estas axudas "servirán de alento para moitos colectivos" que non dispoñen de suficientes medios económicos nin de instalacións axeitadas para a realización de certas actividades. "Con esta convocatoria queremos amosar o noso apoio ás entidades que coas súas iniciativas contribúen a enriquecer a vida cultural, deportiva e de ocio da nosa localidade", apuntou o rexedor.

O importe da partida orzamentaria segundo a natureza das actividades será de 25.000 euros para as de carácter cultural, 25.000 euros para as deportivas e 22.000 euros para eventos veciñais e festas municipais.

Os criterios de selección para a concesión das axudas son seis e terán en conta as seguintes cuestións: o volume de poboación beneficiaria do



proxecto; o número de socios da entidade; a traxectoria artística-cultural, artística-deportiva ou veciñal-festeira, segundo a natureza de cada entidade, así como a continuidade da mesma, tendo en conta a data de alta no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, de xeito que as máis lonxevas, recibirán unha puntuación máis alta; a porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas, como patrocinios, canto máis alta sexa, máis puntos recibirán; o uso exclusivo de instalacións privadas para desenvolver as actividades e o emprego da lingua galega no seu desenvolvemento.

As solicitudes poderán presentarse antes do día 15 de novembro do presente ano a través do Rexistro Xeral do Concello. O prazo máximo para notificar as resolucións adoptadas por parte da administración local será de tres meses dende o remate do prazo de solicitude.